

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2015

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas
DÍA: 21 de setembro de 2015
HORA DE COMEZO: 20:47 h.
HORA DE REMATE: 21:30 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Héitor Mera Herbello,

SUPLENTES: D^a Lourdes Rial Pardo

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 7 E 14 DE SETEMBRO DE 2015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 7 e 14 de setembro de 2015.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES VARIAS DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

2º.A).-SOLICITUDE PRESENTADA POR F. A., ("LA VIE EN ROSE")

Examinado o escrito presentado por F. A., ("LA VIE EN ROSE"), o día 14.09.15, no que solicita ocupación de vía pública con mesas e cadeiras e un barril nas rúas Nova e Retrama respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda conceder autorización para a ocupación de 8,00 m²., con mesas e cadeiras na Rúa Nova, diante do seu local e 1,50 m² para ocupación cun barril, na rúa Retrama, tamén diante do seu local, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

Condiciónase a presente autorización ao cumprimento do art. 12 do capítulo III, "Das Instalacións" da Ordenanza Municipal das Instalacións de Terraza na Vía Pública, relativa ao paso de peóns, así como, á retirada das mesas e cadeiras nos momentos en que o local non estea aberto, e a deixar libres as entradas de acceso ás vivendas lindeiros.

CONDICIÓN

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostalería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entrego no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2015, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostalería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de revogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasoles, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasoles unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais lindeiros, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

2º.B).- SOLICITUDE DE J. N. G., S/AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE MÁQUINA DE ASAR CASTAÑAS

Vista a solicitude presentada o día 30.07.15 por J. N. G., DNI nº 35.316.428-C, con enderezo en Rúa César Boente, nº 3-1ºD-Pontevedra, na que demanda autorización municipal para a instalación dunha máquina de asar castañas enfronte da "Casa da Bola", cunha ocupación de 1,00 m²., desde o período que vai do 1 de outubro do ano que andamos ata o 15 de xaneiro do 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder autorización ó Sr. N. G. para a instalación dunha máquina de asar castañas enfronte da "Casa da Bola", cunha ocupación de 1,00 m²., desde o 1 de outubro do ano que andamos ata o 15 de xaneiro do ano 2016.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ós departamentos de Policía Local e Xestión de Ingresos Municipal, para a comprobación da instalación e liquidación das taxas correspondentes pola referida ocupación de vía pública.

2º.C).- SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON CASETA DE VENDA DE CASTAÑAS

Vista a solicitude presentada o día 02.09.15 por M. A. M. M., DNI nº 36136669-N, con enderezo en Rúa Terceira Travesía Numancia, nº 20-1º-Vigo, na que demanda autorización municipal para a instalación dunha caseta para a venda de castañas e froitos de tempada na rúa Eugenio Sequeiros enfronte da "Casa da Bola", durante os meses de outubro, novembro e decembro do ano que andamos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda denegar a solicitude presentada por non permitirse na referida rúa instalación fixas.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 24.534.- A UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., con enderezo en Trav. de Vigo 204 - Vigo, para en Praia de Menduiña- Aldán, executar 23,00 metros de

canalización de rede de baixa tensión de P.S., de conformidade co proxecto SGD 2483140701193002, de data 17 de outubro de 2 014, coas condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras de data 5 de febreiro, da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas de data 13 de maio de 2 015, e coas seguintes condicións:

Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.
Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de 1786,28 euros para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa Distribución o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.570.- A UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., con enderezo en Trav. De Vigo 204 - Vigo, para na Rúa Marina- Eugenio Sequeiros 31- Cangas, executar 4,00 metros de canalización de rede de baixa tensión, e unha canaleta, de conformidade co proxecto SGD 248314040083, de data 17 de marzo de 2.015 e coas seguintes condicións:

A Compañía deberá retirar o cableado das fachadas das rúa polas que discorre a canalización nova e proceder ao seu soterramento, deixando en aéreo só as acometidas aos particulares.

Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posíbel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de 1.131,15 euros para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa Distribución o traslado, adaptación, reposición ou casqueira outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.635.- A J. M. G. F., con enderezo en Abelendo 19- Moaña, para no circundado de Remoiño- Piñeiro s/n- Gandón- Aldán, reformar unha planta baixa en 60,75 m², e ampliar a mesma planta en 43,35 m², de conformidade co proxecto básico do Arquitecto Javier Rial Lemos, de data agosto de 2 015, e antes do comezo das obras deberá presentar o proxecto de execución oficios de dirección e a formalizar perante o Catastro a modificación que propón a presente licenza.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 25.641.- A. O. M., obras de conservación e mantemento de edificación existente en Longán 1ª Travesía 5- 1º F- Coiro.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.839/15.- P. C. R., cambio titularidade para Espazo Crecemento Persoal na rúa Cega 8-1º- Cangas

FACENDA

5º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E O PÁRROCO DA FREGUESÍA DO DIVINO SALVADOR DE COIRO S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE CANGAS PARA FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "ACONDICIONAMENTO DO ADRO DA IGREXA DE SAN SALVADOR DE COIRO"

Dáse conta do Decreto da Alcaldía do día 11.09.15, que di:

"Visto o convenio asinado o 23 de abril de 2015 entre o Concello de Cangas e D. B. I. B., actuando como párroco da freguesía do Divino Salvador de Coiro, en representación do Arcebispado de Santiago de Compostela, para concesión dunha subvención por parte do Concello de Cangas destinada a financiar as obras de "Acondicionamento do adro da Igrexa de San Salvador de Coiro, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Alfonso Lage Pérez, en febreiro de 2015, cun orzamento de 42.559,46 euros (cantidade que se fixa como máxima subvencionable segundo o previsto no citado convenio e con cargo á partida 336.48 do Orzamento do Concello para o 2015, dentro da cal se fará o pagamento da subvención.

Vista a documentación que consta no expediente, foron solicitados tres orzamentos a tres empresas diferentes, para a execución das obras de "Acondicionamento do adro da Igrexa de San Salvador de Coiro, cun orzamento de licitación de 42.559,46 euros. Consta escrito no expediente que as obras serán executadas pola empresa RODAMARLA S.L., con CIF B94008638, con enderezo na rúa Los Pinos, nº 8-Baixo, 36940-Cangas (Pontevedra), polo importe de 42.559,46 euros.

Vista a certificación nº 1 e factura nº 29/15, polo importe de 38.305,67 euros da obra denominada "Acondicionamento do Adro de Coiro", presentada pola empresa adjudicataria, RODAMARLA S.L., con CIF B94008638.

Vista a certificación nº 2 e factura nº 42/15, polo importe de 4.253,79 euros da obra denominada "Acondicionamento do Adro de Coiro", presentada pola empresa adjudicataria, RODAMARLA S.L, con CIF B94008638.

Vista a acta de recepción da obra de data do 10/07/2015, asinada por B. I. B. por parte do Arcebispado de Santiago de Compostela, e polo contratista, F. R. M., na que se fai constar que as obras están ben executadas, ascendendo a un importe total de 42.559,46 euros.

Vista a declaración presentada polo representante do Arcebispado de Santiago de Compostela, conforme non recibiron ningún outro tipo de axuda ou subvención para as obras de "Acondicionamento do adro da Igrexa de San Salvador de Coiro.

Vista a documentación presentada polo Arcebispado e pola empresa adxudicataria RODAMARLA, S.L. que están ao corrente de pagamento ante a Seguridade Social, Axencia Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia.

Visto que no expediente consta toda a documentación esixida no convenio asinado.

De acordo co exposto, en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO

Primeiro.- Avogar a competencia delegada da Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución de data do 02/07/2015 para a aprobación da certificación nº 1 e factura nº 29/15, polo importe de 38.305,67 euros e a certificación nº 2 e factura nº 42/15, polo importe de 4.253,79 euros, da obra denominada "Acondicionamento do Adro de Coiro", presentadas pola empresa adxudicataria, RODAMARLA S.L., con CIF B94008638.

Segundo.- Aprobar a certificación nº 1 e factura nº 29/15, polo importe de 38.305,67 euros da obra denominada "Acondicionamento do Adro de Coiro", presentada pola empresa adxudicataria, RODAMARLA S.L., con CIF B94008638.

Terceiro.- Aprobar a certificación nº 2 e factura nº 42/15, polo importe de 4.253,79 euros, da obra denominada "Acondicionamento do Adro de Coiro", presentada pola empresa adxudicataria, RODAMARLA S.L., con CIF B94008638.

Cuarto.- Recoñecer a obriga a favor do Arcebispado de Santiago de Compostela con CIF R1500020A polo importe total de 42.559,46 euros, correspondente á certificación nº 1-factura 29/15 (38.305,67 euros) e certificación nº 2-factura 42/15 (4.253,79 euros) das obras de "Acondicionamento do Adro de Coiro", e visto que existe solicitude de cesión do dereito de cobro de D. B. I. B. a favor da empresa RODAMARLA S.L., con CIF B94008638, tomar razón do endoso e proceder ao pago á citada empresa.

Quinto.- Dar conta desta Resolución na próxima Xunta de Goberno Local que se celebre.

Sexto.- Dar traslado desta Resolución á Intervención Municipal, empresa adxudicataria e expediente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda quedar informada do Decreto da Alcaldía de sinatura de convenio entre o Concello de Cangas e o párroco da freguesía do Divino Salvador de coiro s/concesión de subvención do Concello de Cangas para financiamento das obras de "acondicionamento do adro da igrexa de San Salvador de Coiro"

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

6º.- PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE ENSINO E DEPORTE S/APROBACIÓN DAS BONIFICACIÓNS DOS COMEDORES ESCOLARES CURSO 2015-2016 _____

Examinada a proposta do día 17.9.15 da Concellería de Ensino e Deporte, referente a aprobación definitiva 2ª lista das axudas do servizo do comedor escolar destinado a alumnos/as de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria dos CEIP de Nazaret, CEIP do Hío, CEIP de Espiñeira, e CEIP da Rúa, para o curso 2015-2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar a mencionada proposta da Concellería de Ensino e Deporte, referente a aprobación definitiva da 2ª lista das axudas do servizo do comedor escolar destinado a alumnos/as de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria dos CEIP de Nazaret, CEIP do Hío, CEIP de Espiñeira, e CEIP da Rúa, para o curso 2015-2016.

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E A "ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER" (AECC) S/USO EN PRECARIO DE DESPACHO SITO NO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL

Dáse conta do convenio entre o Concello de Cangas e a "Asociación Española contra el Cáncer" (AECC) sobre o uso en precarios de despacho sito no centro socio comunitario municipal, do día 31.08.15, que di:

"REUNIDOS

Por unha banda, Don Xosé Manuel Pazos Varela, con D.N.I. número 76.328.194-A, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Cangas do Morrazo.

Por outra banda, Dona M. J. C. A., presidenta da delegación de Pontevedra da Asociación Española contra el Cáncer (AECC), con CIF núm. 11691463B

INTERVEÑEN

Ambas partes, no exercicio das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñécendose reciprocamente, capacidade e obrigándose nos termos deste documento.

ACORDAN

Establecer o presente convenio para regular o uso en precario de despacho sito na segunda planta do Centro Sociocomunitario Municipal, situado na Avenida de Castelao, propiedade deste Concello, de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: O Concello de Cangas, autoriza o uso gratuíto e en precario por parte da Asociación Española contra el Cáncer (AECC), do despacho da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, sito na segunda planta do Centro Sociocomunitario Municipal, situado na Avenida de Castelao, para dedicalo exclusivamente á realización das actividades propias do seu obxecto social.

Calquera outra utilización diferente á sinalada, deberá ser autorizada polo Concello de Cangas.

SEGUNDO: O uso do local por parte da Asociación Española contra el Cáncer (AECC) rexerase polas cláusulas que se estipulan a continuación e, en todo o non previsto no presente convenio, polo disposto no Regulamento de Bens das Entidades Locais

TERCEIRO: A Asociación Española contra el Cáncer (AECC) queda obrigada á conservación dilixente dos espazos de uso exclusivo e de uso común de todo o inmovible, como tamén do mobiliario, respondendo dos danos que poidan ocasionar os seus membros e usuarios, ben por acción ou por omisión, efectuando de forma inmediata e ao seu cargo, previa autorización do Concello, as reparacións necesarias.

Este apartado non se aplicará no caso de que os danos sobreveñan ao local polo só efecto do uso e sen culpa da entidade beneficiaria o polo acaecemento dun caso fortuíto.

As reparacións e reposicións destinadas ao mantemento estrutural do local corresponden ao Concello de Cangas, entendéndose por tal o que afecta á estrutura do edificio, as súas fachadas e cubertas e as acometidas exteriores de servizos, sempre que sexan causa do uso normal e ordinario do centro.

CUARTO: Corresponderá á Asociación Española contra el Cáncer (AECC) o mantemento e as reparacións dos bens mobles incluídos na cesión e velar pola limpeza e a orde do local, que deberá manterse en perfecto estado de conservación e condicións hixiénicas.

QUINTO: O Concello de Cangas farase cargo do abono da subministración de electricidade, auga e calefacción correspondentes o local.

SEXTO: Autorizado o uso facilitarase aos interesados as chaves correspondentes para a apertura e peche do despacho, quen serán responsables da súa custodia e adecuado uso. Absterase de realizar reproducións da mesma, salvo que o Sr/Sra.

Alcalde/Alcaldesa así o autorice expresamente. En caso de copias todas serán devoltas ao Concello ao termo do período de uso do local

SÉTIMO: A Asociación Española contra el Cáncer (AECC) virá obrigada a cesar temporalmente na súa actividade no local cando fose requirida polo Concello de Cangas, naqueles supostos que se considere necesario para a celebración de actos municipais, ou aqueles que lle veñan impostos e sexan de inescusable cumprimento. Nese caso, a Asociación deberá deixar o local perfectamente ordenado e sen elementos que dificulten a realización da actividade municipal, dentro do prazo que se indique na comunicación que para o efecto se remitirá desde o Concello.

OITAVO: A Asociación Española contra el Cáncer (AECC) non poderán realizar no espazo cedido para o seu uso exclusivo, nin nos bens mobles nin en xeral en todo o inmovible, ningún tipo de obra ou actuación sen expresa autorización previa do Concello de Cangas.

As obras ou actuacións quedarán en beneficio do ben inmovible, sen dereito a percibir ningún tipo de indemnización ou compensación económica pola súa realización.

En caso de contravir o disposto no parágrafo primeiro desta cláusula, o Concello poderá revogar o acordo de cesión de uso do local á devandita Asociación ou tamén poderá ordenar que se restitúa o ben ao seu estado orixinal, sen dereito a indemnización ou compensación económica. En caso de non facelo, o Concello poderá executar subsidiariamente as obras de restitución, estando obrigada a entidade a pagar o custo. Si a restitución fose imposible sen o menoscabo do ben, o causante estará obrigado a indemnizar polos prexuízos ocasionados.

NOVENO: O uso do local obxecto deste convenio autorízase por parte do Concello mediante réxime de cesión en precario. O réxime de cesión en precario extinguirase por decisión motivada da Alcaldía ou Xunta de Goberno Local do Concello, o cal reclamará con dous meses de antelación á entidade beneficiaría mediante o correspondente requirimento.

A extinción poderá producirse:

- a) Por mutuo acordo entre as partes.
- b) Por renuncia de Asociación Española contra el Cáncer (AECC) ou por falta de utilización efectiva dos espazos cedidos.
- d) Pola realización permanente ou exclusiva de actividades, servizos ou outro non contemplados ou que contraveñan o presente convenio, en especial actividades económicas con lucro para particulares.
- e) Por disolución da Asociación.
- f) Por necesidade suficientemente motivada de uso do local para a prestación doutros servizos públicos que o requiran.

A extinción da cesión de uso por calquera das causas citadas non dará dereito á entidade ou asociacións afectadas a ningún tipo de indemnización ou compensación económica.

Unha vez resolto ou extinguido o acordo de cesión de uso, a asociación deberá reintegrar ao Concello de Cangas o uso do espazo e bens cedidos no termo máximo de 15 días naturais. En caso contrario será responsable dos danos e prexuízos que poida ocasionar a demora.

DECIMO: O Concello de Cangas poderá exercer en calquera momento a potestade de inspección do local cedido. Se do seu exercicio derivase a comprobación de incumprimentos por parte da asociación beneficiaría das cláusulas deste convenio, poderá esixir o seu cumprimento ou revogar a cesión ou autorización de uso.

En proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio por duplicado, en Cangas, a 31 de agosto de 2015."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda quedar informada da sinatura do convenio entre o Concello de Cangas e a "Asociación Española contra el Cáncer" (AECC) sobre o uso en precarios de despacho sito no centro socio comunitario municipal.

MOCIDADE E VOLUNTARIADO

8º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MOCIDADE E VOLUNTARIADO S/APROBACIÓN DE PREZOS DAS COTAS ANUAIS DA LUDOTECA DE INVERNO A REALIZAR NA CASA DA XUVENTUDE 2015/2016

Vista a proposta do Concelleiro de Mocidade e Voluntariado do día 17.09.15, relativa a aprobación de prezos das cotas anuais da Ludoteca de Inverno a realizar na Casa da Xuventude 2015/2016, que di:

"PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

D. Andrés García Bastón, Concelleiro de Mocidade e Voluntariado do Concello de Cangas, propón á Xunta de Goberno Local os seguintes prezos para as cotas anuais da Ludoteca de Inverno que se desenvolverá na Casa da Xuventude entre os meses de outubro de 2015 e maio de 2016.

A actividade que se ofrece dende a Concellería de Mocidade está pensada para nenos e nenas de entre 4 a 10 anos, e se desenvolverá de luns a xoves en horario de tarde, de 17.00 a 20.00 h.

As prazas son limitadas e as inscricións serán recollidas por orde de chegada a partires do próximo 22 de setembro.

- COTA DE PARTICIPACIÓN POR DÚAS HORAS SEMANAIS: 25 €
- COTA DE PARTICIPACIÓN POR CATRO HORAS SEMANAIS: 40 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

9º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MOCIDADE E VOLUNTARIADO S/INSTALACIÓN DUNHA BARRA NO ESPAZO DAS NAVES DE OJEA DURANTE A CELEBRACIÓN DO "MUSICANGAS-2015"

Vista a proposta do Concelleiro de Mocidade e Voluntariado do día 17.09.15, relativa a instalación dunha barra no espazo das naves de Ojea durante a celebración do "MusiCangas- 2015", que di:

"PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

D. Andrés García Bastón, Concelleiro de Mocidade e Voluntariado do Concello de Cangas, propón á Xunta de Goberno Local a petición de instalación dunha Barra no espazo das Naves de Ojea, durante a celebración do MusiCangas 2015.

Traslado a petición realizada por J. L. C. para instalar este dispensario no evento músico-cultural, con recadación íntegra para fins solidarios, tralo acordo asinado entre o Concello de Cangas e ACNUR."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta presentada, debéndose pagar as taxas correspondentes.

MOBILIDADE E TRANSPORTE

10º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

10º.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía

pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, aos seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
J. M. B.	Rúa María Soliña, nº 9-Cangas <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habilitación ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

10º.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas aos seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
A. B. B.	Chamiceira, 32 A. O Hío Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 808, concedido en X.G.L. do día 1.09.10 a I. G. F. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

10º.A.3) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DESAPARICIÓN

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por desaparición, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
R. S. G. C.	Camiño Vello de San Roque, nº 19 Autorízase a renovación de sinal de pasaxe permanente, coa condición de indicar polo solicitante o nº 847 de placa concedida en X.G.L. do día 30.08.11 a R. S. G. C. Polo departamento de Tesourería, procederáse a indicar ó departamento de Xestión de Ingresos do nº de placa de sinal concedido no seu día, para dar de baixa o referido número, así como, pola Inspección de Taxas, levar a vixilancia de onde puidera estar instalado, para proceder no seu caso á apertura do correspondente expediente de infracción.

10º.B) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN DE RÚA CORTADA NA RÚA DAS XESTAS

Vista a solicitude presentada o día 27.8.15 por P. C. D., en calidade de presidente da Comunidade de veciños "Rúa das Xestas", na que demanda un sinal de rúa cortada por ser unha rúa sen saída.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda proceder á sinalización cun sinal de "circulación prohibida agás residentes".

10º.C) SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE HORARIO CARGA/DESCARGA

Vista a solicitude presentada o día 01.09.15 por J. A. G. F., en representación do Supermercado Familia, sito na Avda. de Vigo, nº 33, na que demanda a ampliación do horario de carga e descarga de 16:00 h. a 18:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda acceder ao solicitado.

10º.D) SOLICITUDE AMPLIACIÓN DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL

Vista a solicitude presentada o día 26.08.15 por B. L. C. C., administrador da comunidade de propietarios dos garaxes "Salgueirón II", na que demanda ampliación da sinalización horizontal en dous metros lineais a esquerda do sinal de pasaxe permanente para evitar que aparquen vehículo que obstaculizan a saída de vehículos.

Visto así mesmo, o informe emitido o día 9.09.15 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

"Nº REX: 1479/15

ASUNTO: PETICIÓN DE AMPLIACIÓN DE 2 METROS NA RÚA ARRECIFE, 12 CON PLACA DE PASAXE PERMANENTE Nº 698.

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por B. L. C. C., administrador da comunidade de propietarios dos garaxes "Salgueirón II", onde solicita ampliación da sinalización horizontal complementada ao sinal de pasaxe permanente en 2 m lineais.

Por parte desta policía non procede o solicitado posto que vista a configuración da vía, onde o tramo de vía e recto sen estacionamentos diante do garaxe, considerándose suficiente o espazo reservado para entrada e saída de vehículos"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda denegar a ampliación de sinalización solicitada.

10º.E) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN DO CAMIÑO DE RÍO ESTEIRO E CAMIÑOS TRASVERSAIS

Vista a solicitude presentada o día 27.8.15 por J. H. M., na que demanda sinalización de limite de velocidade de circulación para vehículos no camiño de Río Esteiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda proceder á sinalización do vial con sinais de limitación de velocidade a 20 Km/h, ademais de poñer sinais de ceda o paso nas interseccións do Camiño da Peniche, Camiño da Testada, Camiño de Río Esteiro con Viñal, con sinal vertical e horizontal

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A)

B) RENUNCIA DE SUBVENCIÓN DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

Examinada a Resolución definitiva de concesión de subvención ao Concello de Cangas pola Axencia Turismo de Galicia, do día 11.09.15, relativa ao procedemento TU 501A subvencións a concellos para o fomento da accesibilidade e sinalización nos recursos turísticos no medio rural denominada Acondicionamento do paseo praia da Congorza-Praia de Areamilla-Darbo- Cangas, na que conceden a referida subvención.

Visto o informe da Intervención Municipal no que indica que non se conta con consignación presupostaria para tal fin e que a data límite para xustificar a execución dos investimentos subvencionables é o vindeiro 15 de outubro (art. 19 das Bases reguladoras)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de acordo co informe emitido pola Intervención municipal, acorda renunciar á subvención concedida.

C) DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do día 18.09.15, relativa á corrección de erros advertida no Prego de Cláusulas administrativas, do expediente de contratación dos Servizos docentes e técnicos e as actividade deportivas da Piscina cuberta de Cangas, que di:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS

Mediante Decreto de Alcaldía de 10 de setembro de 2015 aprobouse o expediente de contratación dos Servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas da piscina cuberta de Cangas, así coma o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deben rexer o contrato, dándose conta na sesión de Xunta de Goberno Local celebrada o 14 de setembro de 2015.

Advertida a existencia dun erro material na redacción dada á cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas particulares, relativa ó valor estimado do contrato e orzamento de licitación.

Advertido así mesmo un erro na cláusula II.4.1 "Persoal" do prego de prescricións técnicas.

Vistas as dúbidas suscitadas en relación á cláusula 15.1, relativa aos criterios obxectivos avaliábeis mediante fórmulas, concretamente no seu apartado 3 "Ampliación da póliza de seguro RC"

Considerando o disposto no art. 105.2 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común, que sinala que en calquera momento poderá a Administración rectificar os erros materiais ou de feito e os aritméticos, e á vista do anteriormente exposto.

Considerando que, de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 30/1992 , de réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común, cabe que o órgano delegante poida avocar a delegación de competencias realizada a favor de órganos xerarquicamente non dependentes mediante resolución debidamente motivada.

Tendo en conta que o presente expediente foi declarado de tramitación urxente, sen que admita demorar a corrección do erro detectado até a próxima sesión da Xunta de Goberno.

DISPOÑO

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada a favor da Xunta de Goberno mediante resolución de data 2 de xullo de 2015 exclusivamente no que se refire á rectificación do erro material citado na parte expositiva.

SEGUNDO.- Rectificar o erro material detectado na cláusula 3ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe o expediente de contratación dos Servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas da piscina cuberta de Cangas.

Así, onde di:

"CLAUSULA 3ª.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN.

3.1.- O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 200.000 € de acordo co disposto no artigo 88-TRLCSP o cal dispón que o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), e tendo en conta as eventuais prórrogas do contrato.

3.2.- O orzamento máximo previsto para cada anualidade é o seguinte:

- Orzamento base de licitación (IVE excluído)	165.289.26€
- Imposto sobre o Valor Engadido (IVE 21%)	34.710.74€
- Prezo máximo (anual) do contrato	200.000,00€

As proposicións económicas dos licitadores non poderán exceder deste orzamento máximo, no que se inclúen todo tipo de impostos, taxas e gastos aplicables."

Debe dicir:

"CLÁUSULA 3ª.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN.

3.1.- O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 330.578,52 € de acordo co disposto no artigo 88-TRLCSP o cal dispón que o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (21% de IVE), e tendo en conta a eventual prórroga do contrato.

3.2.- O orzamento máximo previsto para dez meses de contrato é o seguinte:

- Orzamento base de licitación (IVE excluído)... 165.289.26€
- Imposto sobre o Valor Engadido (IVE 21%) 34.710.74€
- Prezo máximo (dez meses) do contrato 200.000,00€

As proposicións económicas dos licitadores non poderán exceder deste orzamento máximo, no que se inclúen todo tipo de impostos, taxas e gastos aplicables."

TERCEIRO.- Rectificar o erro material detectado na cláusula 15.1, no seu apartado 3 "Ampliación da póliza de seguro RC", do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe o expediente de contratación dos Servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas da piscina cuberta de Cangas.

Así, onde di:

"3.-Ampliación da póliza de seguro RC: Para a valoración deste criterio terase en conta o incremento da cobertura da póliza de seguro de responsabilidade civil que propoña o licitador. A contía mínima é de 300.000,00 €. Valorarase con 2 puntos cada incremento de 100.000,00 € ata un máximo de 10 puntos."

Debe dicir:

"3.-Ampliación da póliza de seguro RC: Para a valoración deste criterio terase en conta o incremento da cobertura da póliza de seguro de responsabilidade civil que propoña o licitador. A contía mínima de ampliación que será obxecto de valoración será de 300.000,00 euros. Valorarase con 2 puntos cada incremento de 100.000,00 € ata un máximo de 10 puntos.

CUARTO.- Rectificar o erro material detectado na cláusula II.4.1 "Piscina cuberta do Concello de Cangas" do prego de prescricións técnicas que rexe a contratación dos Servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas da piscina cuberta de Cangas.

Así, onde di:

II.4.1.- Piscina cuberta do Concello de Cangas

Total	Posto de Trabajo	Xornada	Titulación mínima
1	Responsable	Completa	Lcdo. Educación Física. Formación e Experiencia
3	Socorrista	Completa	Titulación específica. Formación e Experiencia
2	Monitores deportivos (TAFAC)	Completa	Técnico Superior en actividades físicas. Experiencia
2	Recepcionistas	Completa	Graduado Escolar
1	Oficial de mantemento	Completa	Formación profesional
1	Operarios/as limpeza	Completa	Graduado Escolar

Debe dicir:

II.4.1.- Piscina cuberta do Concello de Cangas

Total	Posto de Trabajo	Xornada	Titulación mínima
1	Responsable	Completa	Lcdo. Educación Física. Formación e Experiencia
1,5	Socorrista	Completa	Titulación específica. Formación e Experiencia
1,5	Monitores deportivos (TAFAC)	Completa	Técnico Superior en actividades físicas. Experiencia
1,5	Recepcionistas	Completa	Graduado Escolar
1	Oficial de mantemento	Completa	Formación profesional
2	Operarios/as limpeza	Completa	Graduado Escolar

QUINTO.- Publicar o presente Decreto no Perfil de Contratante e dar conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se realice."

A Xunta de Goberno Local queda enterada da resolución transcrita.

C) ESCRITO DO SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS EN RELACIÓN AO ACONDICIONAMENTO DO HELIERTO.

Dáse conta do escrito remitido polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, recibido en data 16 de setembro de 2015, con número de rexistro de entrada 11951, que literalmente di:

"En relación con la resolución de esa Alcaldía ditada en fecha 4 de los corrientes, por la que se solicita de este Servicio Provincial que se proceda a adoptar las medidas necesarias para acondicionar el llamado helipuerto, sito en la zona de dominio público marítimo terrestre, y con el fin de evitar posibles riesgos e incidentes que se puedan producir en la misma, le comunico que en el caso de que por ese Concello se pretendiese seguir utilizando la zona como aparcamiento público o de tránsito, será de su competencia la reparación del pavimento. En caso contrario, se cerraría tanto al tráfico rodado como peatonal.

En cualquier caso, nos resulta contradictorio el interés mostrado por ese Ayuntamiento en relación con la posible desafectación de esa franja de terreno en beneficio del municipio y lo pretendido en la citada resolución"

Visto que a data de hoxe o terreo onde se atopa o heliporto non é de titularidade municipal, se non propiedade do Servizo Provincial de Costas (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente), polo que corresponde a Administración do Estado o seu mantemento en condicións de funcionalidade, seguridade e ornato, especialmente cando, tal e como lle comunicou este Concello ó Servizo Provincial de Costas, se teñen producido caídas e incidentes por parte da cidadanía debido ao mal estado do inmovible. Visto que efectivamente é interese da Corporación municipal do Concello de Cangas que polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente se proceda, a través do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, a desafectación e posterior cesión gratuíta dos terreos onde se sitúan as naves e explanada de Ojea e a Alameda do Señal, tal e como se puxo de manifesto mediante a remisión ó Servizo Provincial de Costas da correspondente solicitude de desafectación acordada na sesión plenaria de data 25 de abril de 2013 e na sesión plenaria de 31 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Reiterar o requirimento realizado mediante resolución de Alcaldía de data 4 de setembro de 2015 ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra para que, como responsable do heliporto sito no termo municipal de Cangas, proceda á maior brevidade a adoptar as medidas necesarias para acondicionar debidamente a sinalada superficie, evitando os riscos e incidentes que se están a producir na mesma.

SEGUNDO: Solicitar que polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra se axilice a tramitación do expediente de desafectación e posterior cesión gratuíta dos terreos onde se sitúan as naves de Ojea e a Alameda do Señal, nos termos indicados nos escritos remitidos polo goberno municipal anterior en data 2 de maio de 2013 e en data 5 de agosto de 2015 polo goberno actual.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente